

ACTA DE FIN DE NEGOCIACIÓN DERIVADA DO PLAN DE MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA

MESA SECTORIAL DE 22 DE FEBREIRO DE 2008

Pola Administración

- Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
- Jesús Rey García
Subdirector Xeral de Calidade e Programas Asistenciais
- Manuel Ángel Blanco Ramos
Xerente de atención primaria de Ourense
- Juan Carlos Eirea Eiras
Xerente de atención primaria de Vigo
- Antonio Regueiro Martínez
Xerente de atención primaria de Pontevedra
- Jorge Yáñez Fernández
Director de Urgencias e Procesos Ambulatorios da Área Sanitaria de Ferrol
- Manuel López López
Subdirector Xeral de Réxime Retributivo e Xestión de Persoal
- Ana Comesaña Álvarez
Subdirectora Xeral de Políticas de Persoal
- Paula Oliete Trillo
Xefa do Servizo de Desenvolvemento Profesional
- María Ponte García
Xefa de Servizo de Relacións Laborais
- Alberto Suárez López
Servizo de Relacións Laborais
- Javier García Caeiro
Servizo de Relacións Laborais

Polas Organizacións Sindicais

- Xoán Cons Pintos (CIG)
- Xan Ramón Fernández Cid (CIG)
- Víctor Vila López (CIG)
- Manuel González Moreira (CIG)
- Begoña Peiteado Garrido (CIG)
- Lois Méndez Pérez (CIG)
- José M. Blanco Docanto (CEMSATSE)
- Cándido Andión Núñez (CEMSATSE)
- Manuel Nieto Pereira (CEMSATSE)
- M^a Jesús San Martín Outeiral (CEMSATSE)
- Carmen García Rivas (CEMSATSE)
- Rosa M^a Vilas Vidal (UGT)
- Javier Martínez Fente (UGT)
- María Elena Carracedo Durán (UGT)
- Pedro González González (UGT)
- Carlos Cancela Rodríguez (CSI-CSIF)
- Manuel González Vázquez (CSI-CSIF)
- Vicente Bello Bello (CSI-CSIF)
- Juan Carlos Herbón Flores (CSI-CSIF)
- José Ramón Lago Bouza (CC.OO)
- José Luís Marcos Luaña (CC.OO)

En Santiago de Compostela, o 22 de febreiro de 2008, a Administración Sanitaria e as organizacións sindicais, con representación na mesa sectorial:

EXPOÑEN:

Tras o complexo proceso de negociación iniciado o 6 de novembro de 2007 sobre novas condicións de traballo e retributivas do persoal de atención primaria, as partes consideran que neste punto da negociación debe procederse á sinatura cos sindicatos que figuran no pé, dun preacordo sobre aquelas materias que terán inmediata incidencia retributiva e na organización da prestación da asistencia en atención primaria no ano 2008, logo do acordo no 1º punto da orde do día relativo á atención primaria en urxencias.

2º.- CONDICIÓN DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS DO PERSOAL DAS UNIDADES E SERVIZOS:

Incorporaranse as melloras relativas a intersubstitución e da participación voluntaria na atención continuada (incentivos) propostas en datas 16 de xaneiro e 19 de febreiro.

Na data de hoxe propónse ademais as seguintes melloras:

VOLUNTARIEDADE

a) Incorporarase expresamente ao Acordo o principio xeral de voluntariedade:

“O persoal médico de familia e diplomado en enfermería das unidades e servizos poderá facer voluntariamente gardas nos Puntos de Atención Continuada”.

b) Incentivos á voluntariedade en 2008:

- Percibiranse aínda no suposto de que non se realice a prestación efectiva de gardas no tramo de opción, sempre que esta circunstancia responda a causas imputables á administración. Os incentivos percibiranse igualmente, de forma ponderada no período correspondente, cando a non prestación das gardas veña motivada pola incapacidade temporal ou continxencias asimiladas do/a profesional.

- As gardas que se establezan en atención ao tramo de voluntariedade deberán incorporarse ao calendario anual ou destinarse á cobertura de incidencias (baixas e outras suspensións de longa duración).

- Os incentivos percibiranse polas opcións de 305 e de 600 horas de voluntariedade. Para a superación da carga horaria de prestación en calquera dos tramos será precisa a opción expresa do/a profesional.

- Incentivo adaptado ao persoal das unidades de tarde (pola súas menores posibilidades de acceder á atención continuada): programa especial (ano 2008) para a opción por un tramo superior a 150 horas. A contía do programa será 725 €.

- O incentivo será aplicable a todo o persoal que opte por realizar as horas dos tramos novos que son obxecto de incentivo. Para iso, realizarase unha nova oferta xeral, que permitirá a renuncia das opcións realizadas e respectará os dereitos exercidos voluntariamente polos profesionais con base nas normas existentes. Tanto estes últimos como aqueles que exerzan por primeira vez a opción, poderán optar polos novos tramos e pola percepción dos incentivos. Os criterios desta opción serán determinados no ámbito de negociación dos plans funcionais.

- As horas que resulten de descontar as reservadas á voluntariedade do persoal de enfermería nos actuais plans funcionais, non cubertas antes da nova opción da voluntariedade e da redución de xornada en PAC, que completen a xornada dunha praza, mentres non se proceda á autorización da praza cubrirense con persoal temporal. As horas que non completen unha praza a xornada completa, serán obxecto de inclusión nos plans funcionais e ofertadas á voluntariedade. As horas que teñan o seu orixe en renuncias do

persoal das unidades, serán ofertadas a este persoal. Aquelas que teñan o seu orixe na xornada de PAC ou en prazas vacantes PAC, ofertaranse ao persoal dos mesmos. As non cubertas dalgún dos orixes anteriores (ordinaria/PAC) poderán ser ofertadas ao persoal da outra orixe.

c) O persoal facultativo que por mor da realización de xornada obrigatoria por encima de 2.090 horas de prestación efectiva anual será compensado, a elección do/a profesional, co dobre do seu valor en descanso ou cun 75% adicional do seu valor. Para estes efectos computarase a xornada ordinaria regulada e a complementaria en PAC.

INTERSUBSTITUCIÓN

- DUE: No intre en que se proceda á adaptación retributiva a TIS, con desaparición do actual sistema de retribución por tramos do persoal DUE, adaptarse a retribución da intersubstitución para que quede sen efecto a actual incidencia do “salto de tramo”. Mentres non se proceda a dita adaptación, buscarase unha fórmula retributiva equiparable á do persoal médico (sen referencia a tramos).
- Para a retribución da intersubstitución computaránse os seguintes conceptos:

1) Produtividade fixa, nos termos pactados no acordo do 20 de abril de 2005 – (artigo 5.1.2).

No caso dos pediatras, odontólogos e fisioterapeutas aplicarase a base de cálculo substitutiva fixada na Instrución 3/2006, do 21 de marzo (DOG do 26 de abril).

2) O 70% dos conceptos : Soldo base, complemento de destino e produtividade fixa de percepción xeral (a que figura incorporada á orde de confección de nóminas).

As xerencias valorarán os supostos nos que, por mor das cargas de traballo derivadas do tamaño do centro, cotas asinadas, número de profesionais en activo en relación cos ausentes, e demais circunstancias xustificadas nas cargas de traballo asumidas, procede o abono do 100% dos conceptos que conforman a intersubstitución. Ditos supostos serán acordados e abonados por resolución expresa da xerencia, conforme cos criterios obxectivos que se determinen na comisión de seguimento deste acordo.

ADAPTACIÓN A TIS

Trala aceptación das bases xerais do ámbito de aplicación (médicos, pediatras, odontólogos, DUE e fisioterapeutas), tramos de idade e índices de ponderación xa propostos pola Administración na Mesa, logo de asinar este acordo, continuarase coa negociación da adaptación a TIS, coa aportación dos datos, información e contías que as organizacións demandan para valorar axeitadamente a proposta.

No caso de que a adaptación a TIS non supoña a equiparación dos pediatras e odontólogos cos médicos de familia, a resolución das diferenzas retributivas abordarse na negociación do acordo xeral.

No suposto dos fisioterapeutas, tomarase como referencia para a equiparación ao persoal da mesma categoría das institucións hospitalarias

Igualmente, na negociación de dito acordo procederase á revisión das retribucións do persoal da categoría de traballador/a social.

OUTRAS MATERIAS:

- Negociaranse no marco do acordo xeral as condicións e termos de aplicación e efectividade da concorrencia da nocturnidade e festivos, e a súa repercusión retributiva.

- Así mesmo, analizarase e realizarase unha proposta de negociación da consolidación de grao persoal para o persoal estatutario fixo licenciado sanitario e diplomado sanitario, con obxecto de incluílo no sistema vixente de recoñecemento profesional por grao.

- No contexto do desenvolvemento dos perfís profesionais de atención primaria será preciso abordar a definición sobre a distribución de TIS personalizada dos profesionais de enfermería.

- Constituiranse grupos de traballo cos membros deste acordo, para a ordenación de postos de traballo de xestión e servizos en unidades e servizos e PAC de atención primaria. Estes grupos analizarán a situación e as necesidades actuais da organización en materia de funcións, así como os cadros de persoal, sistemas de provisión dos diferentes postos de traballo e as retribucións.

- No seo da negociación do acordo marco estudarase a retribución por TIS en función da escala salarial para todo o persoal sanitario e non sanitario das unidades e servizos de atención primaria.

- Desprazamentos para atención domiciliaria: no seo da negociación do acordo xeral, analizarase a situación nesta materia do persoal sanitario noutros servizos de saúde, e tralas conclusións resolverase sobre esta cuestión.

As partes expresan a aceptación das bases contidas na presente acta condicionada á revisión do texto consolidado e aos efectos da cuantificación das TIS.

Dáse por rematada a reunión, coa conformidade das partes que figuran co seu nome e sinatura de seguido.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2008.

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG:

CC.OO:

UGT:

CEMSATSE:

CSI-CSIF: